

ALFAGUARA **Obradoiro**

O contador de estrelas

Autor: **Jaureguizar**

Formato: **13 x 21,5**

Páxinas: **173**

Alfaguara / Obradoiro. Serie Vermella, **desde 14 anos**





FICHA TÉCNICA

Introdución

Antía pensaba que aquel sería o verán máis longo da súa vida, sen saber que en realidade o que a esperaba serían unhas vacacións cargadas de experiencias apaixonantes e dramáticas, que a farían pasar da infancia á mocidade.

Argumento

O contador de estrelas é unha novela que narra o peculiar verán vivido por unha adolescente chamada Antía, afeccionada aos avións e aos libros de vampiros.

A trama comeza cando descobre que terá que pasar o verán coa súa nai, Rosa, no seu novo posto de traballo. Rosa será a nova emisorista do Servizo Antilumes no Aeródromo de Rozas, na comarca de Lugo, un lugar que se vai ver afectado polos incendios provocados polo piloto do avión vermello. Todos queren saber quen é a persoa que fai esas pilotaxes tan arriscadas.

No aeródromo Antía coñecerá a Enver, un mozo albanés que traballaba de mecánico; el pasará moitas noites vendo as estrelas na compañía de Antía, forxando unha grande amizade e compartindo segredos. Antía descubrirá o mundo a través dos ollos de Enver e irase decatando de que as cousas teñen máis dunha perspectiva.

Descrición dos personaxes

Antía:

É a protagonista da historia. Esta rapaza ten quince anos e, ao longo de verán, descubrirá xunto a Enver a verdade sobre a separación dos seus pais. Antía é unha rapaza un pouco ilusa, soñadora e curiosa, afeccionada ás novelas de vampiros e aos avións; esta última afección xurdiu polo traballo do seu pai, que é piloto. No transcurso das vacacións aprenderá a non ver unha soa perspectiva das cousas e dará un gran paso cara á súa madurez.

Enver:

Naceu en Berat (Albania). É o mecánico do equipo aéreo de extinción de Rozas e traba unha grande amizade con Antía, debido ao moito tempo que pasa con ela na vella torre de control abandonada. Alí dedícanse a observar o firmamento e a falar; ela confésalle os segredos que non lle contaría a ninguén máis, e el fáchendea de ser un gran piloto que combateu na guerra coa aviación serbia e de provir do planeta Sedna. Finalmente, Antía saberá que non era certo todo o que lle dicía.

Rosa:

É a nai de Antía, unha muller demasiado protectora coa súa filla, realista coa vida e con moito tesón para sacar a súa filla adiante e obter unha praza como emisorista do Servizo Antilumes de Rozas.

Romar:

Romar é o piloto serbio do equipo aéreo do aeródromo de Rozas, e, debido aos enredos causados por Enver, comezou unha relación con Rosa. O serbio é moi estrito con el mesmo e tamén co seu mecánico Enver; por esa razón é un piloto moi habelencioso e os seus compañeiros sospeitan, que é o Piloto Vermello. Cando o intenta capturar resulta ferido.

Pai:

Un home cun bo fondo e un gran piloto das liñas regulares aéreas, pero cando comezou a beber mudou a mal home. Antía descubrirá o porqué dese cambio e quen é realmente

Interese formativo

Nesta obra abundan os contidos didácticos das diferentes áreas; desta forma o lector pode enriquecerse moito. Algunhas das áreas que se traballan son a de lingua galega, a área de ciencias sociais e naturais e mais as competencias básicas no tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística, social e cidadá e tamén no coñecemento e a interacción co mundo físico. Desta maneira conséguese proporcionarlle ao alumno unha sensibilidade polo coidado do medio natural, posto que a obra se desenvolve arredor do Servizo Antilumes; por outra banda, o lector tamén pode desenvolver o interese polo universo, tema que tamén se desenvolve na narración. En definitiva, faise unha aprendizaxe guiada e tamén se pretende que sexa significativa, e para iso imos utilizar actividades reflexivas e críticas tanto individuais coma grupais.

Autor

Santiago Jaureguizar naceu en Bilbao en 1965; veu a Galicia coa súa familia cando era un neno e considérase medio vasco e medio galego. Realizou estudos de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e en 1993 comezou a escribir na sección cultural do xornal *El Progreso* de Lugo, actividade que compaxina coa creación literaria. Está encadrado no movemento Bravú.

Como escritor obtivo moitos premios como o Lueiro Rey (2001), o Premio Xerais (2003) e o Premio García Barros (2005), por *Breve crónica universal da clase obreira*, por *Casa Skylab*, *Cabaret Voltaire* e *A feroz batalla da charca*; quedou finalista do Premio Meiga Moira (2006), por *A cova das vacas mortas* obtivo o Premio Fundación Caixa Galicia(2006).

Tamén obtivo o Premio Manuel Reimóndez Portela de Periodismo no 2005.

É membro da Comisión Técnica de Periodismo Cultural do Consello da Cultura Galega e foi xurado dos premios literarios Blanco Amor (2003), Lueiro Rey (2002), Terra de Melide (2002), Ánxel Fole de Conto do Concello de Lugo (2006) e do Premio Xerais (2008), así como do Premio de Periodismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro (2004) e do Festival de Curtametraxes *On&Off* de Ribadeo (2008).

Probou coa música e encabezou durante un ano o grupo de hip-hop Elvicristo Machine e foi un pioneiro na introdución de literatura na rede www.viveiros.com co proxecto *A familia feliz*, e na url www.infimos.net, unha web de brevísimos relatos. Ademais mantén un blog sobre a cultura galega e internacional, <http://cabaretvoltaire.canalblog.com>.